



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CLUBE PRAIA DE PANTÍN PARA A CELEBRACIÓN DA 31 EDICIÓN DO CIRCUITO MUNDIAL DA WORLD SURF LEAGUE (WSL) QUE SE CELEBRARÁ DO 27 DE AGOSTO Ó 2 DE SETEMBRO DO ANO 2018

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, **D^a M^a Nava Castro Domínguez**, en representación da Axencia Turismo de Galicia, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, en calidade de directora, en virtude do nomeamento realizado polo Decreto 159/2016, do 24 de novembro (DOG núm. 226, do 25.11.2016), e actuando en virtude das facultades conferidas polos artigos 5 e 19 dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.

E doutra parte, D. **Miguel Ángel Galeiras Piñón**, en calidade de Presidente do Clube Praia de Pantín, con domicilio social Carretera da Malata s/n, Edificio de usos múltiples. 15405 Ferrol, A Coruña.

As partes que interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das facultades que teñen conferidas para conveniar en nome das entidades que representan.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A Axencia Turismo de Galicia créase como axencia pública autonómica polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, establecendo como obxectivo desta o de impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos Camiños de Santiago.

A Axencia Turismo de Galicia ten entre os seus obxectivos básicos a potenciación do turismo de Galicia como un factor de crecemento económico, a través da valorización dos recursos turísticos, así como o fomento do turismo como un instrumento de reequilibrio territorial.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 9 dos seus estatutos, para o cumprimento dos devanditos obxectivos correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo.

SEGUNDO.- O Clube Praia de Pantín é unha asociación sen fin de lucro que constituída no ano 2008 co obxectivo de promocionar o deporte do surf e deportes de deslizamento así como a organización de eventos relacionados con estes mesmos deportes.

O “Clube Praia de Pantín” é a única asociación con licenza de exclusividade da WSL para Galicia, o que a habilita para organizar as probas do circuito mundial de surf homologadas pola World Surf League en Galicia: a Pantín Classic Pro 2018, na que participan preto de cento oitenta surfistas profesionais, homes e mulleres, de todo o mundo, evento que organizan de forma ininterrompida desde 2009.

TERCEIRO.- A colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Clube Praia de Pantín responde ao interese común de ambas as dúas partes na promoción e divulgación de Galicia internacionalmente dunha maneira moi notable que queda reflectida no aumento de deportistas que practican o surf nas nosas costas así como a contribución que este deporte fai na cultura e patrimonio marítimo e protección do medioambiente.

Así mesmo o nome de Pantín Classic Pro é mundialmente coñecido no mundo do surf actualmente este deporte o practican máis de corenta millóns de persoas (datos facilitados pola WSL) polo que a Marca Galicia estará presente en innumerables medios especializados de todo o mundo.

Por parte da Axencia Turismo de Galicia considérase axeitado, por razóns de interese público e social, colaborar nas actuacións obxecto do presente convenio co Clube Praia de Pantín dadas as específicas características desta entidade, xa que é a única asociación de clubs deste sector, e polo tanto a única capaz de desenvolver o obxecto deste convenio, razóns polas que non é posible subscribir un convenio con ningunha outra entidade.

Compre sinalar a súa declaración como festa de interese turístico de Galicia, acordada do Consello da Xunta de 19.05.2016 (DOG 2.06.2016).

CUARTO.- Que nos orzamentos da Axencia Turismo de Galicia para o ano 2018, figura a aplicación 04.A2.761A.640.0 “Promoción e difusión do turismo”, a cal recolle o proxecto 2013 00004 “Promoción e difusión do turismo”.

Dada a converxencia de ámbitos de actuación e o mutuo interese en xuntar esforzos na consecución duns fins que son comúns, as partes asinantes, en virtude da representación coa que interveñen, acordan a subscripción do presente convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Clube Praia de Pantín para a organización do evento (gastos de persoal, licenzas do evento, loxística diversa...) do 31 Pantín classic Pro serie clasificatoria do circuito mundial da Worl Surf League.

A proba terá lugar do 27 de agosto ao 2 de setembro ambos inclusive e celebrárase no concello de Valdoviño, praia de Pantín (A Coruña).

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO.

O orzamento estimado para a celebración da 31 edición do PANTIN CLASSIC GALICIA PRO 2018 ascende a 636.500,00 €, A achega que fai a Axencia Turismo de Galicia para posibilitar a realización das actuacións é de cento vinte mil euros (120.000,00€) máximo, e cubrirá parte dos gastos vinculados coa organización e promoción do Pantín Classic Pro, facéndose cargo do resto do orzamento total o Clube Praia de Pantín, e sen que obteña beneficio ou lucro industrial algún con esta.

A achega da Axencia Turismo de Galicia farase con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.640.0 "Promoción e difusión do turismo", dos seus orzamentos para 2018, proxecto 2013 00004.

TERCEIRA.- COMPROMISO DAS PARTES.

1. O Clube Praia de Pantín realizará todas as actividades precisas para que as actuacións do convenio de colaboración se desenvolvan correctamente, comprometéndose a:

- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto.





- O Clube Praia de Pantín comprométese a destacar a presenza da Axencia Turismo de Galicia en : Licra competición, photocall, fondo do podium, podium , carteis, periódicos, web, e redes sociais. 50% dos anuncios do "streaming", 50% de presenza en fachada da zona Staff, 50% de presenza en soportes de praia, carpa en zona village e presenza en textil staff e merchandising oficial.
- Facer constar a cooperación da Axencia Turismo de Galicia en toda a información que se difunda sobre as actuacións, tanto nos medios de comunicación como no material informativo que se puidera distribuír.
- Promocionar a "Marca Galicia" en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración (folletos, publicacións e demais documentación).
- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de e control do destino do investimento.
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

2. Pola súa parte, a Axencia Turismo de Galicia comprométese a:

- Pagar os gastos correspondentes con cargo á aplicación 04.A2.761A.640.0, a favor do Clube Praia de Pantín.
- Colaborar co Clube Praia de Pantín nas actuacións de promoción e divulgación das actuacións obxecto deste convenio.

CUARTA.- PERSOAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outra natureza entre os participantes da competición e os profesionais que desenvolvan as actividades obxecto deste convenio, e a Axencia Turismo de Galicia.

A Axencia Turismo de Galicia non asume responsabilidade ningunha, directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos na preparación, organización e no desenvolvemento do Pantín Classic Pro,

que se realizará dentro do 31 Pantín Classic Pro, serie clasificatoria do circuito mundial da Worl Surf League.

QUINTA.- RESULTADOS CONXUNTOS.

Todo o material promocional elaborado para o desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio será de uso e titularidade común por ambas as dúas partes asinantes.

Así mesmo, os resultados obtidos como consecuencia da colaboración obxecto deste convenio serán propiedade conxunta, a partes iguais, da Axencia Turismo de Galicia e do Clube Praia de Pantín na medida que os resultados sexan susceptibles de protección mediante o réxime da propiedade intelectual, e seralles de aplicación o disposto no art. 7 do Texto Refundido da Propiedade Intelectual, relativo á obra en colaboración.

Calquera modificación dos resultados deberá ser autorizada por ambas as dúas partes, non obstante a Axencia Turismo de Galicia, no cumprimento dos seus fins institucionais, poderá utilizar libre e gratuitamente os traballos de campo, datos de todo tipo, resultados, análises, informes e conclusións que se deriven das actuacións obxecto do convenio. En todo caso, nas accións de difusión de datos e informes obtidos pola execución destas accións farase sempre referencia ao presente convenio.

SEXTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

1.- A achega da Axencia Turismo de Galicia será librada, previa presentación da xustificación da execución das actuacións desenvolvidas, para o que se deberá presentar a seguinte documentación:

- Memoria explicativa da actividade realizada e acreditación do cumprimento das actuacións obxecto do convenio.
- Memoria económica xustificativa do coste das actividades realizadas, que contará:
 - a) Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.
 - b) Facturas xustificativas dos gastos efectuados xunto coas transferencias bancarias ou outra documentación acreditativa do seu pagamento polo importe máximo de 120.000 € que se obriga a achegar a Axencia Turismo de Galicia. No caso de tratarse de gastos inferiores a 1.000 € poderá xustificarse o pagamento mediante recibín do provedor.





c) No suposto de gastos realizados con medios ou recursos propios, documentos acreditativos dos gastos realizados e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custes xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na primeira alínea a).

d) Certificacións de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade ao prazo de xustificación. Exceptúanse aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. O importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) en que se reflicta o importe de retención ou cotizacións devengadas na data de xustificación. O Clube Praia de Pantín quedará obrigado a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais necesarios para a realización da actividade obxecto deste convenio así como os de administración específicos poderán ser imputados ao importe a que se obriga achegar a Axencia Turismo de Galicia, sempre que estén relacionados co obxecto do convenio e sexan indispensables para a adecuada preparación ou execución do mesmo. En ningún caso poderán imputarse os gastos de garantía bancaria; os intereses deudores das contas bancarias; os intereses, recargos e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido o Clube Praia de Pantín, como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio e que se **teñan efectuado desde a data de sinatura deste convenio.**

A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

O prazo para xustificar por parte do Clube Praia de Pantín á aplicación dos fondos percibidos remata 31 de outubro de 2018.

O importe correspondente ao IVE só poderá ser imputado ao convenio na contía que non sexa recuperada ou compensada polo Clube Praia de Pantín, o cal deberá ser acreditado por esta coa xustificación do convenio.

SÉTIMA.- PAGAMENTOS ANTICIPADOS E A CONTA

Poderanse realizar pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio realizadas na anualidade 2018. Os pagamentos anticipados serán de ata o 50% (60.000,00€) do importe que se obriga a aportar a Axencia Turismo de Galicia.

Así mesmo poderanse realizar pagos a conta. Os ditos pagamentos a conta poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións financiadas. Para proceder ao seu pagamento, o Clube Praia de Pantín deberá enviar a documentación relacionada na cláusula sexta referida á xustificación.

A suma dos pagamentos a conta máis os anticipos previstos no parágrafo anterior non serán superiores ao 80% (96.000,00 €) da porcentaxe achegada pola Axencia Turismo de Galicia correspondente aos pagamentos xustificados.

Os primeiros gastos xustificados servirán de xustificante do pagamento anticipado realizado. Unha vez xustificada a totalidade do anticipo, os seguintes gastos abonaranse mediante o sistema de pagamento a conta ata o límite do 80% referido.

Para a realización dos pagamentos a conta e anticipados, O Clube Praia de Pantín terá que constituír unha garantía que deberá cubrir o 110% do importe pagado como anticipo ou a conta.

OITAVA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Para o desenvolvemento e bo fin deste convenio de colaboración constituirase unha comisión paritaria que velará polo cumprimento das obrigas das partes e adoptará cantas medidas e especificacións técnicas sexan precisas de cara a garantir a boa execución do convenio. A comisión estará composta por dous membros de cada unha das partes correspondendo a presidencia á Axencia Turismo de Galicia que terá voto de calidade. A súa actuación axustarase ao establecido na

Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.



NOVENA.- MODIFICACIÓNS DO CONVENIO

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

DÉCIMA.- RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE.

O presente convenio de colaboración formalízase ao abeiro do disposto na resolución de 8 de abril de 1991 pola que se fai público a acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e con particulares.

O convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da lexislación de contratos das Administracións públicas, segundo o Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), que os exclúe expresamente no apartado c) do parágrafo primeiro do artigo 4, sen prexuízo da aplicación dos principios da citada Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Seralle de aplicación o réxime determinado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola Comisión de Seguimento do convenio, e en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin á vía administrativa e contra elas poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, segundo o disposto na Lei reguladora da dita xurisdición.

DÉCIMO PRIMEIRA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.

- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O transcurso do tempo estipulado sen que culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime dos asinantes.

DÉCIMO SEGUNDA.- PUBLICIDADE DO CONVENIO.

No referente á publicidade estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA.- AUTORIZACIÓN E CONSENTIMENTO PARA QUE SE PUBLIQUEN OS DATOS PERSOAIS E DEMAIS ESPECIFICACIÓNS QUE FIGURAN NO CONVENIO.

As partes asinantes autorizan e consenten a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

DÉCIMO CUARTA.- VIXENCIA.

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2018.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio, por triplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento.

A directora de Turismo de Galicia


Mª Nava Castro Domínguez

O Presidente do Clube Praia de Pantín


Miguel Angel Galeiras Piñón